



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN GALICIA EUROPA E A CONSELLERÍA DO MAR PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS OCACIONADOS POLO PERSOAL DESTACADO NA OFICINA DE BRUXELAS.

MEMORIA EXPLICATIVA

A secretaria xeral técnica da Consellería do Mar

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral Técnica formalizou un convenio de colaboración entre a Fundación Galicia Europa e a Consellería do Mar para o financiamento dos gastos ocasionados polo persoal destacado na oficina de Bruxelas que abrangue dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2018.

Que o obxecto do instrumento convencional é a posta a disposición por parte da Fundación Galicia Europa, na súa oficina en Bruxelas, á Consellería do Mar, do espazo preciso para que a persoa designada pola Consellería e contratada pola empresa pública TRAGSATEC, poida levar a cabo as tarefas que lle sexan encomendadas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundámentase no seguinte:

Que a Consellería do Mar interésalle ter coñecemento das políticas comunitarias que lle afecten no seu ámbito competencial, para o que ten destacada unha persoa nas oficinas da Fundación en Bruxelas co obxectivo de que esta faga un seguimento das políticas pesqueiras comunitarias.

E para que conste asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

